

O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA)

ENRIQUE RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
INEGA

Recibido: 8 outubro 2002

Aceptado: 25 novembro 2002

A calidade de vida dos cidadáns e a competitividade das empresas aséntanse sobre a base imprescindible do sector enerxético. Por iso, a pesar da crecente globalización e do lóxico ámbito competencial supra-autonómico no que se move a produción e a distribución da enerxía, Galicia posúe unha política enerxética propia. A nosa singularidade xeográfica e o desenvolvemento alcanzado neste campo ó longo das últimas décadas do século XX reforzan a oportunidade desa estratexia específica. É aí onde xustifica a súa existencia o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

Creado pola Lei 3/1999, de 11 de marzo, publicada o 30 do mesmo mes no *Diario Oficial de Galicia*, trátase dunha entidade de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, que se rexe nas súas actividades externas polas normas do dereito privado, agás cando exerza potestades administrativas. Adscrito á Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia e que na actualidade dirixe Juan Caamaño Cebreiro.

Trátase, polo tanto, dun instrumento operativo da Administración Pública galega no sector enerxético, en canto isto significa un factor básico e estratéxico de desenvolvemento cunha incidencia clave na competitividade das nosas empresas e na mellora da calidade de vida dos cidadáns, de aí que o seu principal obxectivo sexa “*impulsa-lo desenvolvemento simultáneo da economía e do emprego en Galicia, asegura-la satisfacción das demandas enerxéticas e alenta-lo uso racional da enerxía potenciando o desenvolvemento das enerxías renovables que diminúan a dependencia exterior*” favorecendo a conservación do medio ambiente.

O seu funcionamento operativo institucional coa Administración galega é bidireccional, propoñendo plans e programas de actuación enerxética ante a Consellería de Industria e Comercio á vez que xestiona aqueles plans e programas que, aprobados pola mencionada Consellería, se enmarquen perfectamente en actuacións de carácter promotor das políticas institucionais enerxéticas da Xunta de Galicia.

O INEGA asumiu, a partir da súa creación, as funcións que viña desenvolvendo a Consellería de Industria e Comercio con respecto á representación institucional nalgunhas sociedades enerxéticas.

Ademais desta actuación institucional, o Instituto desenvolve a súa actividade no ámbito empresarial, desde os grandes distribuidores de electricidade e gas ós pequenos produtores e outras entidades relacionadas co sector como poden ser

empresas de instalación ou promotores eólicos. Entre outras, o Instituto realiza tarefas nos seguintes campos:

- Propón programas enerxéticos sobre instalacións, distribución e consumo de enerxía.
- Fomenta a eficiencia e o aforro enerxético desenvolvendo auditorías e orientando empresas e cidadáns nos hábitos de consumo.
- Favorece a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Impulsa a produción baseada en recursos endóxenos e renovables.
- Promove a participación de sociedades e institucións galegas en iniciativas enerxéticas nacionais e europeas.
- Elabora estudos por encargo de compañías privadas e entidades públicas.
- Participa accionarialmente nas sociedades do sector.
- Completa a formación técnica das persoas que traballan no ámbito enerxético.

Diciamos antes que o INEGA está dirixido na actualidade por Juan Caamaño Cebreiro. Existe o Consello de Administración do Instituto presidido polo Conselleiro de Industria da Xunta de Galicia, Juan Rodríguez Yuste; este Consello conta con representantes das Consellerías de Industria, Economía, Política Territorial e Medio Ambiente da Xunta de Galicia e un delegado da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

En setembro de 2000 o Instituto Enerxético de Galicia publicou o *Libro blanco de la energía en Galicia*, no que se propón a implantación da política enerxética na Comunidade Autónoma ata o ano 2010 de acordo coas Conferencias de Río e de Kyoto. Neste *Libro blanco* explícase detidamente a produción eléctrica existente en Galicia facendo unha proposta de desenvolvemento e implantación delas de cara ó ano 2010, de acordo co Libro branco da UE. Esta proposta propón aumentar progresivamente o peso das enerxías renovables e conseguir un desenvolvemento sostible centrado no aforro e na eficiencia enerxética; para isto, o libro propón, en liñas xerais, mante-la produción das enerxías fósiles e basea-lo desenvolvemento enerxético no aumento das renovables moito máis respectuosas e comprometidas co medio ambiente.

O *Libro blanco* consta de dez capítulos que abranguen desde o escenario enerxético internacional ata detalla-la situación enerxética en Galicia, en tódalas súas fontes de enerxía (fósiles, hidráulica, eólica, coxeración...) e formas de distribución comercial. No último capítulo faise fincapé na nova regulamentación xurídica da enerxía, especialmente na influencia da normativa da UE.

Outras publicacións do INEGA son a *Revista Galega de Enerxía*, de periodicidade semestral, e os cadernos *Las enerxías renovables en Galicia*, *El sector enerxético de Galicia*, *La liberalización del mercado eléctrico*, *La liberalización del mercado de gas*, *El aprovechamiento de la energía solar*, entre outros.

O Instituto Enerxético de Galicia dispón da súa páxina web coa dirección <http://www.inega.es>; nesta páxina podemos atopar multitude de datos e cifras sobre a situación enerxética da Comunidade galega nos diferentes tipos de enerxías existentes en Galicia (térmica, hidráulica, biomasa, solar, eólica).